

BASES GALA DO DEPORTE CONCELLO DE VALDOVIÑO

I. REQUISITOS QUE DEBE CUMPRIR CALQUERA PREMIADO/A DA GALA DO DEPORTE

Común a todas as categorías:

Para ter dereito aos nomeamentos, o período de presentación de candidaturas será do **21 de febreiro ó 16 de marzo** e deberá cumprir, como mínimo, un dos seguintes requisitos:

1. Ser residentes en Valdoviño.
2. Pertencer a equipos de Valdoviño.
3. Por circunstancias especiais, estar fóra do concello e que, a xuízo do club, federación ou xurado, poida ser nomeado/a.
4. Que teña algún tipo de vinculación especial co concello de Valdoviño

II. PREMIOS

1. **Premios deportistas por cada especialidade.** Entregarase tanto a mulleres coma homes o mellor deportista de cada especialidade.
2. **Mencións especiais:**
 - a) **Mellor promesa:** nesta mención enmarcaranse aqueles e aquelas deportistas que aínda non chegaron á súa plenitude deportiva, ben pola súa idade ou ben pola súa curta vida deportiva, pero que xa acadan resultados destacados na súa especialidade, o que fai pensar que si son capaces de progresar ao longo dos próximos anos e que se consolidarán como grandes deportistas. Ademais, deberán cumprir os requisitos comúns de todas as categorías.
 - b) **Mellor traxectoria deportiva:** nesta mención enmarcaranse aqueles e aquelas deportistas que estean totalmente formados e consolidados deportivamente e que a súa transición dende as categorías de base ata a actualidade fora marcando unha traxectoria ascendente ata consolidarse como grandes deportistas. Ademais, deberán cumprir os requisitos comúns de todas as categorías.
 - c) **Mellor adestrador/a:** farase sobre adestradores/as profesionais ou afeccionados/as de calquera idade e sexo que cumpran os requisitos comúns a todas as categorías.
 - d) **Polo traballo, dedicación deportiva e humana ao longo de moitos anos no noso concello:** terase en conta o que indica a propia mención, e deberá cumprir os requisitos comúns a todas as categorías.
 - e) **Mención especial** (non ten porque darse todos os anos): calquera mención que o xurado considere oportuna nun momento dado e non apareza especificada nos anteriores

apartados.

3. **Mellor club.** Tal e como indica o título outorgaráselle ao mellor club da presente campaña e que teña máis dun ano de antigüidade en Valdoviño.

4. **Mellor deportista de Valdoviño.** Este ou esta deportista elixirase entre os mellores deportistas da especialidade deste ano.

III. REQUISITOS PARA OS CLUBS, FEDERACIÓNS E MEMBROS DO XURADO PARA ENTREGAR OS CURRÍCULOS.

1. Débense entregar os currículos dentro do prazo establecido.
2. Cada club e/ou federación nomeará **dous candidatos como máximo de cada especialidade.**
3. Os méritos que se valoran para os **premios de mellor deportista de especialidade e mellor deportista de Valdoviño faranse desde xaneiro de 2018 ata o remate da inscrición.**
Polo tanto, pídesse que as persoas candidatas a mellor deportista da especialidade presenten o currículo deste último ano.
4. A presentación da candidatura farase no modelo que poden atopar na páxina Web do Concello (www.concellodevaldovino.com). Unha vez cuberto e asinado o impreso poderán presentarse do seguinte xeito:
 - De maneira presencial, no concello de Valdoviño deixando a solicitude no rexistro municipal. O impreso, debidamente cuberto, virá acompañado dun CD coas fotografías dos nomeados en formato JPG (a poder ser desenvolvendo a actividade deportiva).
 - De maneira electrónica, enviando a solicitude ao correo electrónico seguinte: galadeportevaldovino@gmail.com adxuntado fotografías dos nomeados en formato JPG (a poder ser desenvolvendo a actividade deportiva).

É imprescindible en calquera das modalidades anteriores a presentación do modelo de autorización para poder expoñer as fotografías dos e das deportistas ó longo do desenvolvemento da citada Gala do Deporte, así como nas publicacións que sobre esta Gala se realicen.

ACTIVIDADE DEPORTIVA

NOMEAMENTO DA MELLOR DEPORTISTA DE VALDOVIÑO DA ESPECIALIDADE 2020	
PRIMEIRA OPCIÓN PARA O CLUB	
Nome e apelidos	
Enderezo	
Poboación	
Data de nacemento	
SEGUNDA OPCIÓN PARA O CLUB	
Nome e apelidos	
Enderezo	
Poboación	
Data de nacemento	

NOMEAMENTO DO MELLOR DEPORTISTA DE VALDOVIÑO DA ESPECIALIDADE 2020	
PRIMEIRA OPCIÓN PARA O CLUB	
Nome e apelidos	
Enderezo	
Poboación	
Data de nacemento	
SEGUNDA OPCIÓN PARA O CLUB	
Nome e apelidos	
Enderezo	
Poboación	
Data de nacemento	

Don/dona con DNI:.....
como asino a presente proposta en nome de
.....

Valdoviño, de de 2020.

CURRICULO DEPORTIVO DOS/AS DEPORTISTAS PROPOSTOS/AS

MELLOR DEPORTISTA DA ESPECIALIDADE

Nome e apelidos	
Datos persoais e actividades deportivas que practica	
Participacións deportivas ou logros deportivos nesta tempada	

PROTECCIÓN DE DATOS

Nome e apelidos do/a deportista	
DNI	
Enderezo	

Pai/nai/titor(a) [cubrir só no caso de que o/a deportista sexa menor de idade]	
Nome e apelidos	
DNI	
En calidade de	

En relación coa achega por parte da entidade propoñente das fotos dos/as deportistas nomeados/as para a súa exposición na *II Gala de Deporte de Valdoviño*, que se celebrará o día 27 de marzo no Auditorio da Casa da Cultura de Valdoviño ou no polideportivo municipal do Longoiro, autorizo a que o Servizo de Deportes do Concello de Valdoviño expoña estas fotografías ó longo do desenvolvemento da citada Gala do Deporte, así como nas publicacións que sobre esta Gala se realicen.

O xurado estará integrado por xornalistas especializados en información deportiva.

Valdoviño, de de 2020.

Asinado:

.....